

ACTA CONCURSO DE CARTEIS 'QUIN ALBORÉS' -NIGRANJAZZ 2024

Nigrán, 13 de maio de 2024

Recibidas 77 propostas para participar no concurso de carteis do Concello de Nigrán 'Quin Alborés' dotado con 700 € ao gañador que represente a imaxe do Nigranjazz 2024, os seis membros do xurado reúnense no Salón de Plenos o luns 13 de maio de 2024 ás 10:00 horas para valorar os traballos tendo en conta a calidade artística, o impacto visual, a vinculación coa estética do jazz, e a lexibilidade dos carteis presentados para seleccionar ao gañador.

Tras unha primeira visualización da totalidade dos carteis e unha longa deliberación realízase unha primeira votación na que cada membro do xurado puntúa do 1 ao 10 a súa decena de carteis favoritos. Nesta rolda de cualificacións impóñense en puntos claramente **6 finalistas**:

- **Jazz Nature Fusion**
- **Letras de Jazz**
- **FNJX24**
- **Solo de saxo**
- **Jam Session**
- **Torsion Tension**

O xurado realiza unha nova deliberación, analiza e compara cada cartel finalista e, nunha terceira rolda de votacións, **imponse claramente JAZZ NATURE FUSION como gañador do concurso de carteis 'Quin Alborés-Nigranjazz 2024' baixo a autoría de DIEGO GIL HERNANDO.**

O Xurado considera que o cartaz condensa dun xeito moi atractivo o propio espírito cultural e lúdico do evento, a paisaxe e fauna que o acolle e

mesmo a época do ano no que se celebra, todo elo sen afastarse da estética propia do jazz. Ademais, valórase a harmonía e equilibrio en toda a súa composición, estando resolto graficamente con moito rigor e profesionalidade. Finalmente, o Xurado considera que este cartaz diferénciase esteticamente das pasadas edicións, outorgándose con elo a singularidade que cada edición do festival merece.

Por todo elo, o Xurado considera unanimemente que esta é a mellor proposta para promover o Nigranjazz 2024 na súa XVIII edición.

Nigrán, 13 de maio de 2024

JUAN A.GONZÁLEZ PÉREZ- Alcalde e Presidente do Xurado



FELIPE VILLAR ANDRADE- Secretario e director do Festival Nigranjazz

OLALLA FERNÁNDEZ ÁLVAREZ- Vogal. Deseñadora gráfica

ANA FERNÁNDEZ ALBORÉS- Vogal, irmá de Quin Alborés



NATALIA GOMES IGLESIAS- Vogal. Deseñadora gráfica

MARÍA VILLAR ANDRADE- Vogal, responsable de Comunicación do Concello de Nigrán

